Comisión da transparencia de Galicia

(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 24/01/2020 12:34:08
SAIDA **1171/20**

D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)
prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Cumprimento da resolución da Comisión da Transparencia de Galicia do 27 de novembro de 2019, no expediente RSCTG 142/19.

En relación co seu escrito, que tiveron entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 27 de decembro de 2019, no que comunica o incumprimento da resolución da Comisión da Transparencia no expediente RSCTG 142/19 por parte da Secretaría Xeral de Medios, e os escritos do 30 de decembro de 2019, e 2 e 3 de xaneiro de 2020, no que comunica a súa desconformidade co cumprimento da dita resolución pola referida Secretaria, infórmolle o seguinte:

A resolución da Comisión da Transparencia no expediente RSCTG 142/19, estimou a reclamación presentada por vostede, instando á Secretaría Xeral de Medios, de acordo co fundamento xurídico quinto da resolución, a proporcionarlle, de existir, información referente ás relacións da Xunta de Galicia con GOOGLE Europa, España ou de calquera outro tipo internacional, GOOGLE Adwords ou Adsense con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018, e ás relacións, da Xunta de Galicia, de existir, con Twitter, Instagram e Facebook.

De acordo co informe remitido pola referida Secretaría Xeral, púxose de manifesto ao solicitante que non existe a información pedida. Naqueles supostos onde a información solicitada non existe ou non obra en poder do suxeito ao que se dirixe a petición, satisfáise o

dereito de acceso á información pública do solicitante comunicándolle esta circunstancia a través da correspondente resposta escrita.

De acordo co anterior, considérase que a Secretaría Xeral de Medios deu cumprimento á resolución da Comisión da Transparencia de Galicia no expediente RSCTG 142/19, sen que por esta Comisión proceda valorar as acusacións contra a xestión de determinados cargos públicos verquidas nos seus escritos, por non ser competencia desta Comisión, e sen prexuízo de que vostede poida presentar os recursos que mellor conveñan ao seu dereito.

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.01.24 11:31:14 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia